

ACTUALIZACIÓN NA DETECCIÓN E MANEXO DE CASOS DE INFECCIÓN ACTIVA POLO VIRUS SARS-CoV-2 EN ATENCIÓN PRIMARIA E NA ABORDAXE DOS CONTACTOS ESTREITOS

Actualización Nº 2 – 30-12-2021

Cambios máis relevantes desta actualización:

- Pacientes positivos asintomáticos ou con sintomatoloxía leve: duración do illamento 7 días, polo tanto a incapacidade temporal no caso de que proceda, durará con carácter xeral 7 días.
- Contacto estreito en corentena: duración da corentena 7 días + 3 días de vixilancia.
- Contacto estreito exento de cuarentena: duración da vixilancia 10 días.
- Contacto estreito asintomático en vixilancia: non se lle realizará PDIA (PCR/antixeno) durante este período, agás en ámbitos de vulnerabilidade (incluíndo centros sanitarios e sociosanitarios).

Tendo en conta a situación epidemiolóxica actual en relación coa infección polo virus SARS-CoV-2, é preciso modificar as instrucións sobre a detección e manexo de casos de infección en atención primaria, así como sobre a abordaxe dos contactos estreitos.

Na actualidade pasamos dunha fase de contención a unha de mitigación, na que as novas medidas van encamiñadas a intentar que a onda epidémica medre a un ritmo máis lento.

Nas seguintes táboas preséntanse as novas medidas a implantar.

| DETECCIÓN E MANEXO DE CASOS DE INFECCIÓN ACTIVA POLO VIRUS SARS-CoV-2 | | | |
|---|---|--|--|
| PROBAS | INTERPRETACIÓN RESULTADO | COMUNICACIÓN RESULTADO | SEGUIMIENTO CASOS POSITIVOS |
| <p>Proba de detección de infección activa (PDIA):</p> <ul style="list-style-type: none"> • PCR ou • proba rápida de detección de antíxenos. <p>-As persoas con síntomas compatibles con COVID-19 deberán comezar inmediatamente o illamento domiciliario e:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Pedir cita para consulta telefónica co/coa médico/a de atención primaria (xornada ordinaria) ou contactar con persoal médico do PAC, para valoración da situación clínica. • Ou ben chamar ao número de teléfono de información sobre o coronavirus 881 540 045. | <p>-Resultado da proba positivo: caso confirmado.</p> <p>-Resultado da proba negativo sen persistencia de síntomas: caso descartado.</p> <p>-Resultado da proba negativo con persistencia de síntomas: realización de nova PCR antes de 48 horas. Se resultado positivo da mesma: caso confirmado.</p> | <p>-Comunicación resultado positivo: no momento no que a Central de seguimento de contactos (CSC) visualice na listaxe automatizada de "casos confirmados" un/unha novo/a paciente con resultado positivo, contactará con el/ela, para realízarlle unha enquisa epidemiolóxica e pedirlle a listaxe de contactos estreitos. Ademais, xestionará unha cita telefónica en 24 horas co/coa médico/a de atención primaria. Esta cita aparecerá na axenda correspondente coa observación "CSC. Resultado" e poderá verse na listaxe correspondente: <i>Mis pacientes citados para hoy, Pacientes citados en sala (sábados pola mañá) e Pacientes citados en PAC.</i></p> <p>-Comunicación de resultado negativo: SMS.</p> | <p>-Illamento domiciliario obrigatorio.</p> <p>-Cumprimento polo/pola paciente das recomendacións de illamento domiciliario da Dirección Xeral de Saúde Pública (Ligazón).</p> <p>-O seguimento activo dos casos de COVID-19 (preferentemente a través de TELEA), será realizado por un profesional do equipo de atención primaria (persoal médico ou de enfermería), prioritariamente en:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Entornos vulnerables (centros sociosanitarios). • Maiores de 70 anos. • Inmunodeprimidos/as. • Mulleres embarazadas. • Persoas non vacinadas. <p>-Non será preciso o seguimento dos casos asintomáticos ou con síntomas leves sen factores de risco.</p> <p>-O/A médico/a fará, con carácter xeral, 2 chamadas ao/á paciente durante o período de illamento (non ten que facer seguimento telefónico diario):</p> <ul style="list-style-type: none"> • A primeira para valoración clínica, realizar o parte de baixa laboral cando proceda e informar ao/á paciente de que se no transcurso do período de illamento empeora a súa situación clínica, deberá contactar de novo e en caso de síntomas graves (dispnea, alteración da consciencia ou dor torácica) chamará ao 061. • A segunda arredor do 7º-10º día para comunicarlle a alta de illamento, sen ne- |

| DETECCIÓN E MANEXO DE CASOS DE INFECCIÓN ACTIVA POLO VIRUS SARS-CoV-2 | | | |
|--|---|--|---|
| PROBAS | INTERPRETACIÓN RESULTADO | COMUNICACIÓN RESULTADO | SEGUIMENTO CASOS POSITIVOS |
| | | | <p>cesidade de realizar unha PDIA (PCR/antíxeno) para levantar o illamento (agás en persoal de centros sanitarios e sociosanitarios).</p> <p>-Alta de illamento domiciliario en pacientes que non estiveron hospitalizados:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Casos asintomáticos: 7 días desde a data da toma da mostra. • Casos con síntomas leves: 7 días desde o inicio dos síntomas, se a persoa está asintomática os 3 últimos días • Resto de casos: 3 días asintomático (resolución do cadro clínico), cun mínimo de 10 días desde o inicio dos síntomas. |
| Proba de autodiagnóstico da COVID-19 | <p>-Resultado da proba positivo: caso confirmado.</p> <p>-Resultado da proba negativo: caso descartado.</p> | <p>-Autodiagnóstico con supervisión dun/dunha profesional sanitario/a: comunicación do resultado polo/pola profesional.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Se o resultado é positivo: illamento e esperar nas seguintes 24 horas unha chamada de Saúde Pública (CSC). <p>-Autodiagnóstico sen supervisión dun/dunha profesional sanitario/a: o/a cidadán/cidadá ve directamente o resultado.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Se o resultado é positivo: illamento e o/a paciente chamará ao número de teléfono de información sobre o | <p>-Cumprimento polo/pola paciente das recomendacións de illamento domiciliario da Dirección Xeral de Saúde Pública (Ligazón).</p> <p>-O seguimento dos casos de COVID-19 será realizado do mesmo xeito que para os diagnosticados mediante PDIA.</p> |

| DETECCIÓN E MANEXO DE CASOS DE INFECCIÓN ACTIVA POLO VIRUS SARS-CoV-2 | | | |
|---|--------------------------|---|-----------------------------|
| PROBAS | INTERPRETACIÓN RESULTADO | COMUNICACIÓN RESULTADO | SEGUIMIENTO CASOS POSITIVOS |
| | | coronavirus 881 540 045 , iniciándose un procedemento como o anterior. | |

| ABORDAXE DOS CONTACTOS ESTREITOS | | | |
|---|---|--|---|
| TIPO DE CONTACTO | QUEN INDICA A CORENTENA | REALIZACIÓN DE PCR E COMUNICACIÓN RESULTADO | SEGUIMIENTO DE CONTACTOS ESTREITOS |
| Contacto estreito corentenado: é o que debe cumprir o período de corentena, que se corresponde cos 7 días posteriores ao último contacto co caso confirmado. | -A Central de seguimento de contactos (CSC), os Servizos de Medicina Preventiva ou as Xefaturas Territoriais de Sanidade. | -A CSC solicitará automaticamente só 1 PDIA (PCR/antixeno) durante o período de corentena, a partir do 5º día desde o último contacto co caso confirmado. - Comunicación resultado positivo PDIA (PCR/antixeno): mesmo procedemento que para os casos diagnosticados mediante unha PDIA. - Comunicación de resultado negativo PDIA (PCR/antixeno): SMS. | -A CSC non fará un seguimento telefónico diario dos contactos estreitos en corentena, senón que os chamará 2 veces: o 1º día para comunicarlle o inicio da corentena e o 7º día para indicarlle o remate da mesma e o comenzo de 3 días de vixilancia. -Ademais a CSC enviará aos contactos estreitos corentenados unha SMS con instrucións sobre medidas de illamento e información sobre a solicitude da PDIA (PCR/antixeno), que se realizará desde a CSC. -Cando un contacto estreito presente síntomas sospeitosos de COVID-19 durante a corentena: <ul style="list-style-type: none">• Solicitará consulta telefónica co/coa médico/a de atención primaria en xornada ordinaria ou contactará co/coa médico/a de PAC.• Ou ben chamará ao número de teléfono de información sobre o coronavirus 881 540 045. -Os contactos estreitos aos que se lles indique realizar corentena , deben permanecer no seu domicilio durante o período |

| | | | que dure a corentena, polo que no caso de ser un/unha traballador/a en activo, que non teña a posibilidade de realizar teletraballo procederá a incapacidade temporal, con carácter xeral, durante 7 días. |
|---|--|--|---|
| TIPO DE CONTACTO | QUEN INDICA A VIXILANCIA | REALIZACIÓN DE PCR E COMUNICACIÓN RESULTADO | SEGUIMIENTO DE CONTACTOS ESTREITOS |
| Contacto estreito exento de corentena (estarán en vixilancia). -Exencións de corentena: ver pé de táboa*. | -A Central de Seguimento de Contactos (CSC), os Servizos de Medicina Preventiva ou as Xefaturas Territoriais de Sanidade. -Período de vixilancia: 10 días posteriores ao último contacto co caso confirmado. | -Non se realizará PDIA (PCR/antixeno) durante o período de vixilancia , agás en ámbitos de vulnerabilidade (incluíndo centros sanitarios e sociosanitarios), aplicando nestes casos o mesmo protocolo de solicitude de PDIA que nos contactos estreitos corentenados. | -Os contactos estreitos exentos de corentena deben seguir as instrucións xerais de prevención e control, que indica Saúde Pública. -A CSC enviaralles unha SMS con estas instrucións e información sobre a duración da vixilancia. -Cando un contacto estreito exento de corentena presente síntomas sospeitosos de COVID-19 durante o período de vixilancia: <ul style="list-style-type: none"> • solicitará consulta telefónica co/coa médico/a de atención primaria en xornada ordinaria ou contactará co/coa médico/a de PAC. • Ou ben chamará ao número de teléfono de información sobre o coronavirus 881 540 045. -Os contactos estreitos aos que se lles indique a exención da corentena, e polo tanto deben permanecer en vixilancia, poden realizar actividades esenciais como acudir ao seu posto de traballo e, con carácter xeral, non procede a incapacidade temporal nestes casos. |

***Exencións de corentena en contactos estreitos:**

1. As persoas completamente vacinadas na data do último contacto co caso confirmado, que sexan consideradas contactos estreitos, estarán exentas de realizar corentena, agás:
 - persoas inmunodeprimidas.
 - persoas nas que **saúde pública** confirme que a infección do caso do que se é contacto estreito se debe a unha variante do SARS-CoV-2 Beta ou Gamma, ou se adquiriu dun visón.

2. As persoas asintomáticas que tiveron unha infección por SARS-CoV-2 confirmada nos 180 días anteriores e son contactos estreitos, estarán tamén exentas de realizar a corentena, tendo en conta as mesmas excepcións descritas para as persoas completamente vacinadas no punto anterior.
3. As persoas que traballan en centros sanitarios, estarán exentas da corentena se están vacinadas e no seu centro de traballo utilizan os equipos de protección individual (EPI) adecuados, segundo o establecido no *Plan específico para a prevención de riscos ante a exposición laboral ao SARS-CoV-2 (Ligazón)*. Tense en conta as consideracións especiais no manexo de contactos estreitos vacinados incluídas neste Plan específico. Fóra do traballo nestes centros seguirán as instrucións xerais.